



EMPRESAS COLABORADORAS

Visibilidad de marca

PÁXINA WEB

As nosas empresas colaboradoras contan cun espazo, na páxina de inicio da Web da Fundación Breogán (www.fundacionbreogan.org) no cal figuran os logotipos das mesmas.

A presenza do logo non é meramente visual, xa que facendo *click* nel, o visitante accederá á páxina web propia da entidade correspondente.



PUBLICIDADE ESTÁTICA

EsPazo Fundación

O "EsPazo Fundación" ocupa un lugar prioritario e de máxima visibilidade dentro do Pazo Dos Deportes onde disputa os seus encontros o C.B. Breogán.

Nel, as nosas Empresas Colaboradoras gozan dunha importante relevancia publicitaria, xa que é empregado para realizar entrevistas e fai as veces de *photocall*.



PUBLICIDADE FÍSICA/DIXITAL

Boletín "Eu Son Fundación"

O boletín "Eu Son Fundación" é unha publicación de carácter trimestral, na cal se recollen as actividades realizadas pola Fundación Breogán.

Na parte traseira figuran os logotipos de tódalas nosas empresas e entidades benefactoras/colaboradoras.

A versión dixital é enviada por correo electrónico ó remate do trimestre en curso, ós nosos socios benefactores e ós responsables das empresas e entidades.

Un bó número de exemplares impresos son destinados para repartir no palco da Fundación e no palco de autoridades do C.B. Breogán, ambos no Pazo dos Deportes de Lugo.

Puntualmente poderíase realizar unha entrevista / reportaxe sobre algunha actividade de interese levada a cabo pola empresa.




TOUR PAZO

Tour guiado para dúas persoas de cada empresa colaboradora polas instalacións do Pazo dos Deportes de Lugo.

Dende a sala de trofeos ó vestiario; dende o palco VIP á sala de *scouting* pasando polo "corredor da fama", a visita guiada percorrerá tódolos lugares máis senlleiros e especiais do templo do baloncesto lucense.

Na parte final e como colofón, os visitantes gozarán duns minutos de convivencia coa plantilla, tras presenciar a parte final do adestramento.


Unha experiencia cun alto valor para os amantes do baloncesto e que lles permitirá coñecer esa parte do C.B. Breogán que moi poucos afeccionados coñecen.



ENTRADAS PALCO V.I.P.

Ofrecemos ás nosas empresas colaboradoras, a posibilidade de presenciar, a pé de pista, dende o palco do que dispón a Fundación Breogán no Pazo, de dous encontros do C.B. Breogán.

A elección dos encontros corresponderalle á Fundación e cada empresa disporá de dúas localidades.



INSCRIPCIÓN PRIORITARIA

Preferencia á hora de inscribirse nalguna das actividades da Fundación Breogán para a que se oferten un número máximo de participantes (limitado a dúas persoas por empresa colaboradora).

As nosas empresas colaboradoras disporán do privilexio de ter prioridade sobre o público xeral se desexan inscribirse en proxectos cuxa demanda de participación é moi alta, coma por exemplo:

- BASKET NA RÚA.
- XORNADAS DE TECNIFICACIÓN.
- LIGA SENIOR 3X3.
- TORNEO 3X3 NA RÚA.
- ENCESTA CON NÓS.



OUTRAS OPCÍONS

Dende a Fundación Breogán estamos abertos a colaborar e dar o noso apoio ás distintas actividades de promoción internas que poidan levar a cabo as empresas colaboradoras.

Asistir á presentación dun proxecto, compartir visibilidade dende as nosas contas nas redes sociais, etc.

A maiores de todo o exposto anteriormente, no momento no que haxa un acordo firme de colaboración entre a empresa e a Fundación, realizarase pola nosa parte unha publicación en tódalas redes sociais anunciando ós nosos seguidores a citada colaboración.

As devanditas publicacións serán á súa vez, compartidas nas redes sociais do C.B. Breogán, coa finalidade de obter o maior alcance posible.

